WIKIPEDIA

Lingua eslovena

Na Galipedia, a Wikipedia en galego.

O **esloveno**[1] é unha lingua eslava meridional falada principalmente na República de Eslovenia, así como en zonas adxacentes de Italia, Austria e Hungría nas que viven minorías históricas de eslovenos.

Esloveno ***Slovenščina***	
Falado en:	Eslovenia
Total de falantes:	2,2 millóns
Familia:	Indoeuropea Balto-eslava Eslava Eslava do sur Eslava occidental **Esloveno**
Estatuto oficial	
Lingua oficial de:	Eslovenia Unión Europea
Regulado por:	Academia Eslovena de Ciencias e Artes
Códigos de lingua	
ISO 639-1:	`sl`
ISO 639-2:	`slv`
ISO 639-3:	`slv (http://www.sil.org/iso639-3/documentation.asp?id=slv)`
SIL:	SLV

Índice

Clasificación

O **esloveno** (*slovenščina*, *slovenski jezik*) pertence á rama de linguas eslavas da familia indoeuropea. Dentro da rama eslava, atópase no grupo de linguas eslavas do sur ou meridionais, e dentro destas, no subgrupo occidental.

Distribución xeográfica

É falado na República de Eslovenia, en Italia fálano unhas 100.000 persoas[2] nas provincias de Trieste, Gorizia e Udine da rexión de Friuli-Venezia-Giulia. En Austria os eslovenos concéntranse sobre todo en Carintia, onde hai entre 12 e 20.000 falantes, e tamén en Estiria, onde hai entre 2 e 5.000 falantes[3], en Hungría fálano entre 3 e 5.000 persoas en nove lugares [4].

Status oficial

O esloveno é o idioma oficial da República de Eslovenia, é unha das linguas oficiais da Unión Europea. En Italia o esloveno está recoñecido legalmente na rexión de Friuli-Venezia-Giulia[5] e en Austria en Carintia [6]

Historia

Os asentamentos eslovenos máis antigos na rexión actual datan do século VI. No principio a lingua eslovena compartiu o seu desenvolvemento cos dialectos *kajkaviano* e *cakaviano*, ambos serbocroatas, mais do século XII en diante os eslovenos estiveron controlados politicamente por países falantes de **romance** e sobre todo de **xermánico**, o que fixo que o uso do esloveno se restrinxise a formas dialectais bastante localizadas, resultando nun bilingüismo extensivo mais esporádico. Existen poucos textos do período anterior á Reforma, de entre eles os *Fragmentos Freisin* (arredor do ano 1000) son notábeis.

No século XVI a lingua eslovena se desenvolve grazas a obra de **Trubar**, **Dalmatin**, **Krelj**, **Bohoric** e outros, sendo impresos uns 50 libros entre 1550 e 1598. A Contrarreforma detivo a expansión e codificación da lingua escrita, mais no século XIX implantáronse formas literarias que foron adoptadas polos intelectuais eslovenos.


No século XX, os planificadores da lingua tiveron de enfrontar varios problemas, incluíndo o bilingüismo, a heteroxeneidade das variantes dialectais e o contraste entre as aproximacións teóricas e as consideracións prácticas. Froito desa complexidade é a coexistencia de dous sistemas fonolóxicos autorizados: un con distincións tonais e outro sen distincións tonais; o primeiro é típico en determinados dialectos e o segundo noutros.

Datos

O esloveno literario normativo é a lingua oficial da Eslovenia, sendo a lingua nativa de preto de 2,2 millóns de persoas nese país e rexións fronteirizas da Italia, Austria e Hungría. Hai cerca de 400.000 falantes en comunidades emigradas na Arxentina, Canadá, Croacia, Estados Unidos, Serbia e Montenegro. A palabra "esloveno" (*slovenščina*) úsase para definir a lingua desde o principio do século XIX.

Dialectos

O esloveno salienta de entre as linguas eslavas pola heteroxeneidade dos seus dialectos, especialmente considerando o tamaño reducido da rexión de fala eslovena. Esta diversidade chega ata unha falta de intelixibilidade mutua entre algúns dialectos. Algúns estudosos falan de 36 e ata 46 dialectos e subdialectos. Os principais dialectos son:



Mapa dos dialectos eslovenos

- **Carintio**, no extremo norte da Eslovenia, sur da Austria, pequena rexión no nordeste da Italia.
- **Litoral**, oeste da Eslovenia, rexión fronteiriza da Italia coa Eslovenia, incluíndo Trieste.
- **Rovtarsko**, rexión central da Eslovenia.

- **Alto Carniolo**, rexión centro-norte da Eslovenia, incluíndo a capital Ljubiljana.
- **Carniolo interior**, rexión suroeste da Eslovenia, próxima ao golfo de Venecia.
- **Baixo Carniolo**, rexión sueste da Eslovenia.
- **Kocevje**, rexión de Kocevje, no sueste da Eslovenia.
- **Estirio**, rexión nordeste da Eslovenia.
- **Estirio-Panonio**, extremo nordeste da Eslovenia, rexións fronteirizas de Austria e Hungría (*prekmurio*).

Escrita

Véxase tamén: Alfabeto esloveno.

O esloveno utiliza o alfabeto latino, con excepción das letras Q, X, W e Y, que se usan soamente para grafar nomes e fórmulas estranxeiras, e incrementado coas letras Č, Š e Ž.

Gramática

A lingua eslovena posúe tres xéneros: masculino, feminino e neutro; e tres números: singular, plural e dual, sendo este último restrinxido a pronomes, adxectivos e verbos.

Os números 1 e 2 posúen xéneros: 1 *ed/en* (masc.), *ena* (fem.); 2 *dva* (masc.), *dve* (fem./neutro); 3 a 10: *tri*, *štiri*, *pet*, *šest*, *seden*, *osen*, *devet*, *deset*; 11 *enajst*, 12 *dvanajst*, 13 *trinajst*, 20 *dvajset*, 30 *trideset*, 40 *štirideset*, 100 *sto*.

Os pronomes persoais son:

- Singular 1ª pers. *jaz*, 2ª pers. *ti*, 3ª pers. *on/ona/ono*
- Dual 1ª pers. *midva*, 2ª pers. *vidva*, 3ª pers. *onadva*
- Plural 1ª pers. *mi*, 2ª pers. *vi*, 3ª pers. *oni/one/ona*

A orde da frase é suxeito, verbo e obxecto.

Notas

1. Definicións no *Dicionario da Real Academia Galega* (http://academia.gal/dicionario/-/termo/busca/esloveno) e no Portal das Palabras (http://portaldaspalabras.gal/dicionario/procura/esloveno) para *esloveno*.
2. Xosé Henrique Costas *Guía das linguas de Europa*. Positivas, 2002, páxina 61
3. "*Slovenes of Carinthia and Styria*. Minority Rights". Arquivado dende o orixinal o 18 de xaneiro de 2014. Consultado o 02 de novembro de 2009.
4. "Euromosaic". Arquivado dende o orixinal o 22 de setembro de 2009. Consultado o 02 de novembro de 2009.
5. "Lei do 23 de febreiro de 2001". Arquivado dende o orixinal o 15 de agosto de 2009. Consultado o 02 de novembro de 2009.
6. "Euromosaic". Arquivado dende o orixinal o 28 de outubro de 2009. Consultado o 02 de novembro de 2009.

Véxase tamén

Ligazóns externas

- Proel - Promotora Española de Lingüística (http://www.proel.org/)
- Revista Slovenski jezik - Slovene Linguistic Studies (http://www.ku.edu/~slavic/sj-sls)
- Ethnologue (http://www.ethnologue.com/)



Existe unha versión da Wikipedia en ***Lingua eslovena***



Vexa no Galizionario as palabras en ***Esloveno***

Traído desde "https://gl.wikipedia.org/w/index.php?title=Lingua_eslovena&oldid=4901094"